

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 9, de 10 de febreiro de 2015

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco; Díaz Rodríguez, M^a Carmen; Garrido Filgueira, Uxía; Otero Urtaza, Uxío; Poncet Souto, Marta; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Silvosa Costa, Francisco Xosé; Veiga Alonso, Xosé Ramón; Viña Rouco, M^a Mar.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Fernández López, Isabel; Fiuza Asorey, María; López Gómez, Santiago; López Rúa, Paula; Pena Presas, Montserrat.

Día: 10 de febreiro de 2015

Hora: 13 h

Lugar: Sala de Xuntas

Orde do día:

1. Aprobación da Memoria de Calidade correspondente ao Curso Académico 2013-2014.


1. Aprobación da Memoria de Calidade correspondente ao Curso Académico 2013-2014.

O Presidente sintetiza os contidos da Memoria de Calidade correspondente ao Curso Académico 2014-2015, insistindo nas modificacións introducidas con respecto ao documento semellante do curso anterior. Sinala que o texto que agora se presenta á Comisión de Calidade ten a conformidade da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC e que o Plan de Melloras que contén foi sometido a un período de exposición pública para que os representantes dos distintos grupos de interese puidesen facer as súas achegas ou suxestións. Unha vez completado este trámite, sométese o documento final á aprobación da Comisión de Calidade.

A Comisión aproba a Memoria presentada e acorda someter o documento á aprobación da Xunta de Facultade.


Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 10, de 27 de abril de 2015

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Aznar Cuadrado, Virginia; Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco; Díaz Rodríguez, M^a Carmen; Fernández López, Isabel; Garrido Filgueira, Uxía; Otero Urtaza, Uxío; Poncet Souto, Marta; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Souto Gómez, Montserrat; Viña Rouco, M^a Mar.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Fiuzza Asorey, María; López Gómez, Santiago; López Rúa, Paula; Pena Presas, Montserrat; Veiga Alonso, Xosé Ramón.

Día: 27 de abril de 2015

Hora: 10 h

Lugar: Sala de Xuntas

Orde do día:

1. Valoración dos Informes Provisionais de Seguimento (2013-2014), correspondentes aos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria.
2. Proposta de alegacións.

1. Valoración dos Informes Provisionais de Seguimento (2013-2014), correspondentes aos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria.

A Comisión valora positivamente os Informes Provisionais de Seguimento (2013-2014) emitidos pola ACSUG, con resultado "Conforme" para os dous títulos de Grao baseado nos seguintes argumentos:

- **Información pública:** a información consultada na web é coherente e correspóndese coa información das respectivas memorias verificadas. A disposición da información é clara e intuitiva.
- **Cumprimento do proxecto establecido:** revisáronse de forma exhaustiva os

principais aspectos relacionados con cada un dos criterios, reflexionouse sobre eles e propuxéronse accións de mellora coherentes con esa reflexión. Os argumentos utilizados na reflexión son sólidos e fundaméntanse en diversos indicadores e evidencias xeradas polo SGIC. Apórtanse e valóranse os datos por centro e datos globais dos títulos. Salienta o interese por mellorar a coordinación intercentros a través da creación dunha Comisión ao efecto.

Ademais, os devanditos informes detectan as seguintes fortalezas:

- **Información pública:** agrupamento das materias por curso ou por módulos e recollida na web dunha forma esquemática de todos os datos contempados nas memorias dos títulos.
- **Cumprimento do proxecto establecido:** demanda estable que permite cubrir sen problemas as prazas de novo ingreso ofertadas; esforzos por mellorar a coordinación intercentros, que redunda na planificación, desenvolvemento, xestión e avaliación dos estudos; taxas de resultados satisfactorias e axustadas aos obxectivos establecidos nas memorias de verificación; bo aproveitamento da información e os indicadores subministrados polo SGIC, e esforzo de reflexión na elaboración dos autoinformes de seguimento, ao tempo que se salienta a dedicación aos mesmos.

2. Proposta de alegacións.

Os Informes Provisionais de Seguimento tamén propoñen recomendacións para a mellora, indicando que, con carácter previo á emisión dos informes finais, poden presentarse alegacións ao contido dos informes provisionais, no caso de que se considere oportuno. Dado que estas alegacións deben ser acordadas, se así fose procedente, pola Comisión de Coordinación Intercentros, esta Comisión de Calidade acorda propoñer as seguintes:

- **Información pública:** *Reorganizar a información referente ás competencias que se atopa nas webs dos centros, de modo que se correspondan as competencias xerais e específicas coas sinaladas na memoria, engadindo na web as competencias que faltan.* Acórdase trasladar a incidencia detectada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) da USC.
- **Cumprimento do proxecto establecido:**
 - Criterio 3. Competencias: *realízase unha proposta de mellora sobre a consecución de competencias. Dado o baixo índice de resposta ás enquisas de satisfacción realizadas polos estudantes, a comisión de garantía de calidade debe arbitrar outros procedementos para recompilar información. Debe facerse reflexión sobre o logro de competencias e instrumentos de avaliación aplicados en cada unha das materias, así como reflexión do logro das competencias xerais a través da análise de Prácticum e TFG.* Acórdase aceptar a recomendación e continuar a traballar no deseño e implementación de instrumentos que permitan facer un mellor seguimento deste aspecto. Para iso, acórdase participar na Convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da calidade da docencia, propoñendo unha acción destinada á elaboración e aplicación de instrumentos que permitan recoller evidencias sobre a adquisición de competencias xerais nas diversas materias, Prácticum e TFG.
 - Criterio 5. Planificación das ensinanzas: *recoméndase incorporar reflexión sobre o desenvolvemento dos TFGs alén dos problemas organizativos aos*

que se refere o informe de seguimento (Grao en Mestre/a de Educación Infantil); non se realiza reflexión en profundidade sobre Prácticum e TFG, malia que a reflexión do ano anterior levou a presentar modificación na formulación xeral das prácticas externas. Recoméndase incorporar reflexión sobre o desenvolvemento dos TFGs (Grao en Mestre/a de Educación Primaria). Lémbrese que os cambios no deseño do Prácticum e na secuencia temporal de varias materias como consecuencia da reorganización do memo son algúns dos aspectos da modificación dos plans de estudos que foi informada favorablemente pola ACSUG con data 23/03/2015. Non obstante, acórdase ter en conta a recomendación de cara á elaboración do Informe Anual de Seguimento 2014/2015.

- Criterio 8. Resultados: *recoméndase recompilar información sobre a inserción laboral dos egresados para valorar o criterio 2 (xustificación) e sobre a satisfacción dos empregadores para valorar o criterio 3 (obxectivos/competencias)*. Acórdase alegar que os últimos datos de inserción laboral facilitados pola propia ACSUG proceden dunha enquisa realizada en decembro de 2012 e corresponden ao curso 2009-2010, anterior ao comezo da implantación dos graos. Polo que se refire á información en relación coa satisfacción dos empregadores, cómpre ter en conta que a primeira promoción de titulados rematou os seus estudos no curso obxecto destes informes (2013-2014), polo que non tivera aínda oportunidade de concorrer ás ofertas de emprego no momento de redacción do mesmo. Non obstante, tratarase de recompilar a información solicitada e incluír a reflexión pertinente en próximos informes anuais de seguimento.
- Criterio 9. Sistema de Garantía da Calidade: *a reflexión baséase na aprobación do manual simplificado do SGC, o que se presenta como boa práctica. Porén, non se reflexiona sobre o funcionamento da comisión de garantía de calidade, sobre as súas reunións, sobre o seu traballo, sobre a participación dos colectivos implicados. É necesario que se faga tal reflexión para valorar o cumprimento do criterio*. Acórdase asumir a recomendación e incluír estas reflexións no Informe Anual de Seguimento 2014/2015.


Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás